



## CONSELLO PARROQUIAL CAMPAÑÓ CENTRO SOCIAL CABALEIRO 12/12/2017

### ASISTENTES:

- Comunidade de Montes
- AAVV Sto. Paio
- Coral Airiños de Campañó
- Pilar Comesaña

A concelleira delegada da parroquia Pilar Comesaña expón os distintos proxectos que hai para os distintos lugares de parroquia. Tamén escoita as peticións que lle fan dende o consello parroquial.

### CAMPAÑÓ DE ARRIBA

O proxecto de saneamento e asfaltado da zona de Campañó de Arriba atópase na fase de contratación, incluíndo as melloras do mesmo. O orzamento aproximado é de 320.000 € formando parte do mesmo unha pequena zona de Carballiños e Pedreira.

A lei marca que non se pode chegar á última casa das zonas onde se realizan proxectos de saneamento, o Concello pídeo como mellora.

Os veciños afectados serán convocados a unha reunión para que fagan as conexións antes de que se asfalte o vial.

### BARRAGÁNS

Chegaron un gran número de escritos za zona de Barragáns solicitando a construción de reductores de velocidade no lugar debido ás excesivas velocidades que se alcanzan con conseguinte perigo para os viandantes, sobre todo nenos e persoas maiores.

### MUIÑOS

O proxecto de acondicionamento da pista no lugar de Muiños atópase en intervención. Estudiarase a colocación de reductores de velocidade solicitados polos veciños.

### FERREIROS-CARBALLIÑOS

O acondicionamento da pista que vai dende Ferreiros a Carballiños ten un orzamento aproximado de 153.000 € que serán financiados conxuntamente entre o Concello e a Xunta de Galicia.

### PETICIÓN

- Alumeado dende Soutonovo a Sabarís
- Bacheos en Carballiños, Cabaleiro (límite con Campañó de Arriba)
- Camiño do Rial no lugar do Freixo (está o expediente en disciplina urbanística)
- Limpeza e bacheo do camiño que vai dende a Ferretería Echegaray ata a carretera antiga de Campañó.